



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA CATORCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (01/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e oito minutos do día catorce de xaneiro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 29 de decembro de 2025
- 2.- Aprobación dos padróns fiscais do SAF do mes de decembro de 2025
- 3.- Solicitud de axuda de emerxencia social
- 4.- Renovación de tarxetas de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida
- 5.- Aprobación calendario de 2026 da posta ao cobro do prezo público do SAF
- 6.- Recoñecemento de trienios
- 7.- Inicio expedientes contratos menores

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 29 de decembro de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DO SAF DO MES DE DECEMBRO DE 2025

O Sr. Secretario-Interventor da conta dos padróns fiscais aos que se refire este punto da orde do día, elaborados pola Intervención sobre a base dos informes previos da Sra. Traballadora Social, e da proposta de acordo da Alcaldía que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación referida, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto que se indica máis adiante:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar os padróns fiscais do prezo público polo servizo de axuda no fogar que se indican a continuación, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

electrónico, elaborados polo Secretario-Interventor a partir dos correspondentes informes da Sra. Traballadora Social do Concello, que tamén constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e demais documentación relacionada con estes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar os padróns fiscais de prezo público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de decembro de 2025, dependencia e libre concorrência, elaborados pola Secretaría-Intervención do Concello, cos importes, usuarios, e demais datos que constan neles e que se reflicten na táboa que aparece a continuación:

INICIAIS 1ª PERSOA USUARIA	INICIAIS ÚLTIMA PERSOA USUARIA	TOTAL PERSOAS USUARIAS	MODALIDADE SERVIZO	IMPORTE
BNMA	VGJA	36	DEPENDENCIA	2.863,96 €
ALFI	VDL	25	LIBRE CONCORRENCIA	632,89 €

2.- Expoñer ao público os devanditos padróns fiscais, mediante anuncios a publicar no B.O. da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónicos municipal, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes. Con dito anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados desde o día seguinte ao desta data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local, e, transcorrido este, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, de acordo co previsto na Ordenanza fiscal municipal reguladora deste prezo público, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas polas persoas contribuíntes contribuíntes entre os días 10 e 12 de Febreiro de 2026.

4.- Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.- SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada e da súa documentación anexa, do informe – proposta favorable da Traballadora Social, do informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos de conformidade da Intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec e que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Nº EXPEDIENTE: 2026/S009/000001

OBXECTO: Concesión axuda emerxencia social P.P., L.

Logo de ver o expediente tramitado a solicitude da persoa coas iniciais que se indican, o informe favorable emitido pola Traballadora Social do Concello de Monfero, Dona Patricia Martínez Lago, e o informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos de conformidade da Intervención, e considerando que se dan as circunstancias sinaladas na Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Monfero (OAESM), que consta que a instrutora do procedemento comprobou a través da consulta de interoperabilidade do aplicativo TEDEC a documentación esixida no artigo 10 da OAESM e que reúne os requisitos esixidos nela para a concesión deste tipo de axudas, e que o gasto debe de xustificarse en forma, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Conceder unha axuda de emerxencia social (art. 3.1 a, c) da OAESM para cubrir as necesidades básicas de subsistencia non cubertas por outros sistemas de protección (alimentación), produtos de aseo persoal dos menores da unidade de convivencia en idade escolar, sempre que non estiveran cubertos por outras axudas públicas, á persoa que responde ás iniciais P.P., L. que se identifica no expediente electrónico do programa TEDEC indicado anteriormente, por importe máximo de 400 euros. As compras dos produtos básicos de alimentación, de aseo persoal e hixiene doméstica, serán realizadas pola traballadora social do Concello, Patricia Martínez Lago, e se lle fará a entrega á persoa beneficiaria no Concello.
- 2.- Imputar o gasto correspondente á aplicación do orzamento en vigor 231.48100
- 3.- Notificar este acordo á persoa interesada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

4.- Trasladar este acordo á Traballadora Social do Concello para que proceda a realizar a compra e ao Servizo Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas del.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4.- RENOVACIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMIENTO PARA VEHÍCULOS OCUPADOS POR PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

4.1.- O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre a documentación que a acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico do aplicativo Tedec:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude de renovación da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola persoa interesada que responde ás iniciais D.C., A. con DNI núm. ***3952**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 07 de xaneiro de 2026, núm. 20260000000007, o informe favorable da traballadora social do día 09 de xaneiro de 2026, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a renovación da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais D.C., A. válida ata o 12/01/2036, e co núm. 15050-094-26

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

4.2.- O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a solicitude da persoa interesada, sobre a documentación que a acompaña, sobre o informe da Traballadora Social do Concello e sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico do aplicativo Tedec:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude de renovación da tarxeta de estacionamento para vehículos ocupados por persoas con mobilidade reducida, presentado pola persoa interesada que responde ás iniciais L.M., J. con DNI núm. ***1234**, no Rexistro de Entrada deste Concello o día 12 xaneiro de 2026, núm. 202600000000018, o informe favorable da traballadora social do día 12 de xaneiro de 2026, o ditame técnico facultativo do EVO e a restante documentación esixida.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar a renovación da Tarxeta de Estacionamento para Persoas con Mobilidade Reducida a nome da persoa que responde ás iniciais L.M., J. válida ata o 12/01/2036, e co núm. 15050-095-26

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5.- APROBACIÓN CALENDARIO DE 2026 DA POSTA AO COBRO DO PREZO PÚBLICO DO SAF

O Sr. Secretario-Interventor da conta da proposta de acordo da Alcaldía que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico relacionado e que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Cara ao establecemento dun calendario regular de posta ao cobro dos padróns fiscais polo prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e coa fin de ocasionar as menores molestias posibles as persoas usuarias e mantelas informadas, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o calendario de posta ao cobro do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao ano 2026 e establecer que os recibos se cargarán nas contas das persoas usuarias entre os días 10 e 12 do segundo mes seguinte ao que se poña ao cobro, comezando co mes de xaneiro de 2026, que se cargará entre os días 10 e 12 do mes de marzo de 2026.

2º.- Remitir á entidade bancaria Abanca os recibos pola prestación do servizo de axuda no fogar de cada un dos meses do exercicio de 2026 con orde de que ser carguen nas contas designadas polas persoas usuarias entre os días 10 e 12 do segundo mes seguinte ao que se poña ao cobro.

3º.- Comunicar este acordo á empresa que preste o servizo, a modo de requirimento, para que axilicen as tarefas de facturación destes servizos, de tal maneira que as facturas correspondentes a cada mes se presenten no Concello con anterioridade ao día 15 do mes seguinte, para que se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

poidan realizar os trámites e xestións posteriores no Concello con tempo suficiente para que o calendario de cobro aprobado poida ser cumprido con puntualidade.

4º.- Comunicar estes acordos aos Servizos Sociais do Concello e ao Negociado de Contabilidade, Nóminas e Tesourería.

5º.- Que polos Servizos Sociais do Concello se traslade ás persoas usuarias do servizo de axuda no fogar o calendario de cobro aprobado.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6.- RECOÑECIMIENTO DE TRIENIOS

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada, do informe do Negociado de Emprego da AEDL do Concello, do informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos da Intervención de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica máis adiante neste acordo:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude que consta no expediente do/a funcionario/a que responde as iniciais O.A.V., rexistrada de entrada neste Concello o día 12 de xaneiro de 2026, co número 202699900000012, e os informes favorables ou de conformidade, antecedentes e o resto da documentación complementaria que consta no expediente 2026/E005/000002.

Propóñoille a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecerlle á/ao dita/o funcionario/a o seu dereito ao sexto trienio como funcionario/a deste Concello, grupo C1, con efectos dende o día 16 de decembro de 2025.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

7.- INICIO EXPEDIENTES CONTRATOS MENORES

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

7.1.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente de contrato menor e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, corrixida por orde del, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR 2026/C002/000001	
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	ACTIVIDADE LÚDICA ENTROIDO 2026 (segundo a memoria valorada que consta no expediente)
Código CPV:	92000000-1 Servizos de esparcemento, culturais e deportivos
Orzamento base licitación:	4.702,06 €
Prazo execución:	14/02/2026
Necesidade e xustificación do contrato (art. 118.2 da Lei 9/2017)	Concello ten a necesidade de contratar o obxecto deste servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios propios precisos e suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción da cultura e ocupación do tempo libre (art. 25.2 l) e m) da lei 7/1985, de 2 de abril)

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque os servizos comprendidos nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.3 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 15.000,00 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato e a urxencia de adxudicar o servizo.

Polo exposto, PROPÓÑOLLE a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación referenciado ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCEIRO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade e solicítese oferta ás empresas que se indican, para que, no prazo de 5 días naturais, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo.

CENTRO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS E IMNOVACIÓN SL

GALICIA EVENTOS Y OCIO SL

LA GUAGUA SERVICIOS SOCIOCULTURALES SL

LUIS CASTRO SILVA

MONTAMOS LA FIESTA SC

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

7.2.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da documentación deste expediente de contrato menor e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se indica a continuación, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

- XESTIÓN DE PROPOSTAS –

2026/G006/000006

Asunto: Contrato Menor

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Órgano:	Xunta de Goberno Local
Número expediente:	2026/C002/000002
Tipo:	SERVIZOS
Obxecto:	ACTIVIDADE DEPORTIVA NA NEVE 2026 (segundo memoria que consta no expediente)
Código CPV:	92620000-3 Servizos relacionados cos deportes
Orzamento base licitación:	9.895,38€
Prazo execución:	16,17,18 de febreiro 2026
Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar esta subministración para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción do deporte e ocupación do tempo libre {art. 25.2.I) da Lei 7/1985}
Financiamento:	Fondos municipais

Para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque as subministracións comprendidas nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e son inseparables, de maneira que non é posible a súa



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

execución separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios materiais propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade da contratación dunha empresa externa para a súa realización.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.3 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 15.000 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente, así como a urxencia de contratar o servizo coa rapidez necesaria para a realización da actividade nas datas programadas, que tamén xustifica a solicitude dunha única oferta, ademais de non coñecer outra empresa capacitada para a execución do obxecto do contrato coa premura que interesa, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación referenciado ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se explicou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación.

TERCEIRO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe polo Secretario-Interventor sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, proceder a súa retención polos servizos de contabilidade e solicitar oferta á empresa, DEPORTES Y FORMACIÓN ARROPAJE 3, S.L., única que se coñece capacitada para a execución do obxecto do contrato, para que, no prazo de 5 días naturais, presente a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolle saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certificoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario